

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

OBRADOIROS DE CORRESPONSABILIDADE

CONTIDOS

A finalidade destes obradoiros é que o alumnado tome conciencia da inxusta división sexual de tarefas entre homes e mulleres propiciando unha necesaria reflexión sobre a importancia do reparto do tempo no eido doméstico por unha banda, e sobre as causas das desigualdades entre homes e mulleres pola outra.

A actividade proposta ten como fío condutor unha personaxe dun conto que serve como elemento motivador e como exemplo de personaxe transgresora dos mandatos de xénero. Esta poñerá en cuestión os estereotipos de xénero e propiciará a controversia que nos leve a debates grupais produtivos. Isto implica unha metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe activa e participativa, que pon o protagonismo nas crianzas.

Búscase tamén conectar cos coñecementos previos e coas vivencias cotiás das crianzas, para promover un aprendizaxe vivencial. Isto é, un xeito de aprender onde o alumnado experimente, perciba e sinta; e que poida entender así, en primeira persoa, as implicacións das súas ideas e actuacións.

OBXECTIVOS

- ✧ Achegarse á necesidade da corresponsabilidade como unha cuestión de xustiza social.
- ✧ Poñer en valor o traballo no ámbito privado e os coidados.
- ✧ Identificar roles e estereotipos de xénero.

PERSOAS DESTINATARIAS: educación infantil, 5 anos.



Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por obradoiro

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a maio.

DURACIÓN: lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros de ensino



OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS MICROMACHISMOS

CONTIDOS

Os “micromachismos” son actitudes e prácticas sexistas aprendidas, e que tanto homes como mulleres reproducimos acotío de forma case inconsciente. A través destes obradoiros realízanse actividades formativas e de sensibilización contra a violencia de xénero e micromachismos dirixidas á poboación adolescente.

A metodoloxía baixo a que traballaremos basearase na indagación, na educación experiencial e na creatividade do alumnado para lograr a transformación social. Comezaremos nun plano máis individual e persoal para logo reflexionar no ámbito máis social e colectivo.

Nestes obradoiros traballaremos baseándonos en técnicas que fomenten o debate e a reflexión colectiva. As actividades propostas crean espazos de conciencia crítica en grupo, onde o obxectivo fundamental é crear argumentos en contra das violencias machistas da vida cotiá.

A través de diferentes recursos interpelaremos aos mozos e a mozas, xerando espazos de diálogo e escoita activa onde reflexionaremos dende o autocoñecemento, o respecto mutuo e a igualdade.

OBXECTIVOS

- ✘ Identificar roles e estereotipos de xénero e os machismos que nos interpelan na nosa vida cotiá.
- ✘ Indagar sobre a importancia das masculinidades non hexemónicas para lograr un mundo igualitario.
- ✘ Desenvolver actitudes e valores de sororidade e axuda mutua entre mozas.
- ✘ Apropriarse de instrumentos para non ser cómplices da violencia sexual no noso entorno, como mozos.

PERSOAS DESTINATARIAS : 3º e 4º da ESO

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por obradoiro

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a maio.

DURACIÓN: lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros de ensino.



CONTIDOS

Obradoiros educativo que pretende sensibilizar e fomentar un cambio de mentalidade e de valores entre o alumnado de acordo co principio de igualdade entre homes e mulleres.

A metodoloxía será activa e participativa. Tratarase dunha aprendizaxe significativa, abordando os contidos sen esquecer a esfera socio-emocional do alumnado. A abordaxe dos temas a tratar combinarase con xogos e dinámicas que permitirán ao alumnado participar e expresarse, así como profundar nos contidos.

Búscase tamén conectar cos coñecementos previos e coas vivencias cotiás das crianzas, para promover un aprendizaxe vivencial. Isto é, un xeito de aprender onde o alumnado experimente, perciba e sinta; e que poida entender así, en primeira persoa, as implicacións das súas ideas e actuacións.

OBXECTIVOS

- Profundar sobre o concepto de coeducación e educación emocional, como eixos fundamentais para garantir unhas aulas libres de desigualdades e de violencia de xénero.
- Facilitar recursos e ferramentas de resolución de conflitos dende o botrato

PERSOAS DESTINATARIAS : 1º e 2º de Educación Primaria.

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por obradoiro

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a maio.

DURACIÓN: lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros de ensino